

galicia

Organiza |



Colabora |

Universidade de Vigo



MUSEO MASSÓ
EXPOSICIÓN TEMPORAL

FACEDORAS DE BUEU

PROXECTO DE MAR CALDAS



XUNTA DE GALICIA

MUSEO MASSÓ
EXPOSICIÓN TEMPORAL

FACEDORAS DE BUEU

PROXECTO DE MAR CALDAS



MUSEO de Galicia
Presidencia da Xunta de Galicia

Alberto Núñez Feijóo

Conselleiro de Cultura e Turismo

Román Rodríguez González

Secretario Xeral Técnico

Manuel Vila López

Directora Xeral de Patrimonio Cultural

M^ª del Carmen Martínez Insua

Exposición

COMISARIADO

Covadonga López de Prado Nistal

PROXECTO ARTÍSTICO

Mar Caldas

MONTAXE

Museo Massó

IMPRESIÓNS FOTOGRÁFICAS

Enrique Touriño Marcén

Imprimeverde S.L.U.

RESTAURACIÓN E CONSERVACIÓN

Cíntia Costa Osorio

ORGANIZA

Museo Massó

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Guía

TEXTOS

Mar Caldas

Covadonga López de Prado Nistal

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Ana Davila Otero

FOTOGRAFÍAS

Mar Caldas

Museo Massó

TRATAMENTO DE IMAXES

Aurea Cribeiro Malvido

IMPRESIÓN

Grafínco, Deseño e Impresión

AGRADECIMENTOS

A todas as mulleres que participaron no proxecto e ao CIM de Bueu

ISBN: 978-84-453-5311-0

D.L.: C 2100-2018

© Do texto: as autoras

© Da serie fotográfica "Facedoras de Bueu": Mar Caldas

© Da presente edición: Museo Massó

© Maruja Mallo, Gutiérrez Solana, VEGAP, Pontevedra, 2018

Os museos son institucións culturais cun labor específico que é o de poñer ao alcance de todas as persoas o coñecemento e o pensamento crítico. Neste caso buscamos lograr este obxectivo a través dunha experiencia de lecer consistente en interactuar co patrimonio cultural dentro dun escenario.


Na exposición, realizada desde os máis rigorosos criterios profesionais, póñense en práctica unha serie de técnicas e linguaxes museísticas que permiten estruturar as ideas, os conceptos e os valores de acordo cun guión museolóxico. Este debe someterse a un complexo proceso de transformación para convertelo nun guión museográfico e trasladar así o discurso expositivo ao espazo tridimensional mediante unha posta en escena conceptualmente ordenada, cunha estrutura narrativa coherente, accesible e atractiva.

Unha boa exposición é por tanto un acto comunicativo e de lecer que logrou o milagre de facernos gozar durante un proceso de aprendizaxe e enriquecemento persoal, mentres transitamos por unha escenografía na que os actores principais son bens que forman parte do noso patrimonio cultural ou natural.

Nesta ocasión, a exposición *Facedoras de Bueu* cumpre con éxito o seu obxectivo: facernos pensar desde a sedución a través da contemplación dunhas fotografías de gran formato onde mulleres reais dannos unha lección de dignidade.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura e Turismo



O proxecto *Facedoras de Bueu* foi crescendo e transformándose desde o momento en que o Museo Massó realiza unha encargada concreta á fotógrafa Mar Caldas. Inicialmente concibiuse como unha pequena serie fotográfica do actual espazo urbano de Bueu para integralas nunha exposición temporal interdisciplinaria sobre a influencia da industria conserveira no seu desenvolvemento e planeamento urbanístico. A función da serie de cinco fotografías contemporáneas sería a de poñer en evidencia a perda de identidade duns espazos completamente transformados.

A exposición sobre a que estabamos a traballar no Museo Massó cambiou de rumbo, e dun enfoque urbanístico deu un xiro cara ao enfoque social. Isto, desde o noso punto de vista, requiría incorporar a perspectiva de xénero para dar visibilidade ao fundamental papel que as mulleres desempeñan nunha economía pesqueira. As instantáneas de Mar Caldas terían o labor de materializar esta achega en mulleres concretas. Para elaborar o elenco de participantes foi fundamental a colaboración do CIM (Centro de Información da Muller) e a xenerosidade das mulleres que se prestaron para formar parte do proxecto.

Unha vez que a artista presentou a súa proposta axustada xa aos novos criterios establecidos, pareceunos que a forza da mensaxe que contiña esixía darlle outra dimensión e propúxoselle ampliar a serie, de maneira que puidese por si mesma constituir unha exposición con imaxes de gran formato.

Deste xeito xurdiu e foise perfilando *Facedoras de Bueu*, un proxecto exemplar de cooperación entre mulleres da nosa contorna máis inmediata, algunhas delas colaboradoras habituais do museo, un museo con vocación social e unha artista.

Covadonga López de Padro Nistal

Directora do Museo Massó

FACEDORAS DE BUEU

Nesta exposición réndese homenaxe a mulleres reais que, a pesar de que coa súa actividade contribúen ou contribuíron de forma moi significativa ao desenvolvemento desta vila mariñeira, reciben escaso recoñecemento. Esta falta de recoñecemento a todos os niveis e a infravaloración do seu traballo son actitudes xeneralizadas na nosa sociedade patriarcal, onde a desigualdade entre homes e mulleres aínda se asume como algo natural.

O espazo público non é máis que un reflexo desta invisibilidade social. Se damos un paseo polas rúas e prazas de Bueu, veremos que son escasos os lugares que serven de testemuño da relevancia da poboación feminina. Unha placa na fachada da biblioteca municipal coa inscrición “A tódalas mulleres da nosa vila que día a día traballan por un mundo mellor” pretende liquidar esta escasa representación cunha dedicatoria xenérica e anónima a todas as veciñas de Bueu. Pero onde están e quen son esas mulleres anónimas?, cal é e foi a súa contribución?, que traballos desempeñan?

A exposición temporal *Facedoras de Bueu* quere poñerlles cara retratándoas en fotografías de gran formato tomando como referencia obras mestras da historia da arte. Con iso preténdese destacar a achega feminina nos distintos sectores laborais de Bueu, e moi especialmente no ámbito marítimo.

Son empregadas, autónomas ou voluntarias. Desempeñan actividades con maior ou menor peso na economía local, pero todas son ocupacións moi feminizadas que reciben pouco recoñecemento fronte a aquelas tradicionalmente desempeñadas por homes.

Retratouse estas mulleres no espazo público, outorgándolles a categoría de monumentos. Móstranse fortes, poderosas, orgullosas, donas de si.

Co título deste proxecto queremos chamar a atención sobre o feito de que todas as homenaxeadas son mulleres, facedoras de Bueu, que co seu facer contribuíron e contribúen a construír, a facer a vila de Bueu.



AUTÓNOMAS

Digna Lorenzo del Río, Mari Carmen Novas Piñeiro e Sandra Chapela Curra

Digna é responsable dunha panadería na Banda do Río. Mari Carmen é dona dunha ferraxería situada na rúa Eduardo Vincenti. Sandra traballa de mariñeira por conta propia.

As tres mulleres foron fotografadas na zona dos xardíns María Eugenia Bolívar Sequeiros, coa praia da Banda do Río e as naves do porto ao fondo.

Para compoñer a fotografía revisáronse escenas de praia relativas á pesca pintadas por Sorolla; especialmente *Pescadoras valencianas*, onde as mulleres son as únicas protagonistas e móstranse recias e decididas.



Joaquín Sorolla, *Pescadoras valencianas*, 1915 (Museo Sorolla, Madrid)



► **Truel**, século XIX.
Aparello de pesca empregado fundamentalmente para a captura de camarón, choco e ourizo. Museo Massó.



NEOLABREGAS

Teresa Padín Otero, Luz Gómez Señoráns e Yolanda Vilas Martínez

Luz rexenta a Horta Agrelo e formou a Teresa e Yolanda no cultivo ecolóxico.

A fotografía foi tomada ao solpor na horta comunitaria do río Bispo, onde dispoñen dunha parcela.

A composición da imaxe está inspirada nunha escena representada nunha pintura de Jules Breton na que as “espigadoras” se retiran ao final da xornada.



Jules Breton, *A retirada das espigadoras*, 1859 (Musée d'Orsay, Paris)



► **Sachola**, mediados do século XX.
Este apeiro lixeiro adoitaba acompañar as labregas cando ían sachar na horta as plantas delicadas.
Museo Liste-Vigo



LIMPADORA

Elena Castro

Elena traballou como limpadora na praza de abastos durante 2017. Actualmente está desempregada.

A fotografía foi realizada nas escaleiras da praza. A escultura do *Océano* da *Fontana di Trevi* (Roma) foi o referente para esta imaxe. Recorremos ao seu xesto poderoso e posición elevada para representar un traballo socialmente moi pouco valorado.

Por outra banda, a manguera evoca a serpe mariña, que é a forma coa que se representaban os seres mitolóxicos que acompañaban a Neptuno.



Nicolai Salvi, *Fontana di Trevi*, 1732 (Roma)



► **Recolledor**, mediados do século XX. Foi realizado de forma artesanal na fábrica conserveira Massó Hermanos SA. Museo Massó.



CONSERVEIRAS

Adelaida Agulla, Mari Carmen Leal Parada e Fita a de Chaldí (Josefa Malvido Agulla)

As tres traballaron na fábrica de conservas de Massó Hermanos S.A. en Bueu. Adelaida desde 1956 ata que se retirou con 52 anos. Fita desde 1968 e Mari Carmen desde a década dos 70, ambas foron empregadas da fábrica ata o seu peche.

A fotografía foi tomada na planta superior da praza de abastos, co porto pesqueiro de Bueu ao fondo.

A imaxe compúxose a partir de dúas pinturas de Maruja Mallo que teñen a súa orixe nos debuxos que a artista realizou durante o verán de 1936, recollidos no chamado *Caderno de Bueu*. Posteriormente, desde o exilio, utilizou aqueles apuntamentos para compoñer as obras *Mensaxe do mar*, *Arquitectura humana* e *Figuras*.




Maruja Mallo, *Arquitectura humana*, 1937 (Colección particular)



Maruja Mallo, *Mensaxe do mar*, 1938 (Galería Guillermo de Osma, Madrid)



- ▶ **Lata de anchoas Massó**, cara a 1940.
- Cadeira da mesa de enlatado ou empacado das conservas**, cara a 1930.
- Caixón para a embalaxe de latas de conserva**, mediados do século XX.
- Mandil do uniforme das empregadas**, cara a 1980. Proceden da fábrica conserveira Massó Hermanos SA. Museo Massó.



ATADEIRA

Chelo Martínez Bernárdez

Traballa de redeira nos portos de Bueu e Cangas do Morrazo.

A fotografía tomouse no porto de Bueu, utilizando como pedestal as redes amontoadas.

Como referencia para a composición desta imaxe servímonos da fotografía de Maruja Mallo posando cuberta de algas.

Esta instantánea, que se realizou nunha praia de Chile, evoca a imaxe das mulleres transportando algas na cabeza, unha imaxe frecuente nas vilas mariñeiras de Galicia que a artista tivo ocasión de ver durante a súa estancia en Bueu.



Maruja Mallo con manto de algas nas praias de Chile, cara a 1945 (Galería Guillermo de Osma, Madrid)



▶ Rapeta, cara a 1900.

A rapeta é unha rede de arrastre e de cerco que se largaba na praia.

Rede de xeito, cara a 1930.

A rede de xeito é unha arte de pesca que se suxeita por un extremo ao barco e queda á deriva para que enmallen na trama a sardiña e o xurelo. Museo Massó.



COCIÑEIRA

Mari Carmen Ferradás

Mari Carmen é a cociñeira e propietaria do restaurante El Pescador.

As plantas de bambú da Praza Massó, nas inmediacións do restaurante, foron o escenario escollido para retratala xunto a unha mesa disposta con produtos do mar que habitualmente ela cociña.

A fotografía alude á pintura *O bar do Folies Bergère* de Édouard Manet.



Édouard Manet, *O bar do Folies Bergère*, 1882
(Courtauld Institute of Art, Londres)



- ▶ **Pote de tres pés para cociñar na lareira**, primeira metade do século XX. Foi fabricado na fundición Alemparte de Carril seguindo o modelo da fábrica de Sargadelos. Museo Massó.



REGATEIRAS

Mucha Torres Lorenzo e Romina Cerqueiro González

Cada unha delas ten un posto de peixe na praza de abastos de Bueu.

A fotografía foi realizada no paseo da praia da Banda do Río coa enseada de Bueu ao fondo.

Para esta imaxe tomouse como referencia a pintura *Figuras* de Maruja Mallo e ten a súa orixe nos apuntamentos que a artista realizou durante o verán de 1936, recollidos no chamado *Caderno de Bueu*.



Maruja Mallo, *Figuras* (da serie *A relixión do traballo*), 1937 (Museo Nacional de Arte Reina Sofía, Madrid)



► **Patela**, primeira metade do século XX. Estas cestas transportábanas na cabeza as mulleres para levar a vender o peixe. Museo Massó.



COIDADORAS

Noelia Piñeiro González, Lola Santos Otero, Leyre Sotelo Piñeiro, Marta González Fortes, Carmen Souto Sequeiros.

Noelia traballa no Centro de Día Pescadoira, Lola cuida da súa bisneta, Marta do seu fillo e Carmen do seu marido. Elixiuse un espazo público coñecido como “o parlamento” onde os homes se atopan para conversar.

Ao ser ocupacións moi feminizadas, afectadas pola invisibilidade e falta de recoñecemento, destácase a importancia destas tarefas e o valor do intercambio de información entre as cuidadoras.

Tomamos como modelo unha pintura co tema da “sagrada conversación” e outra cun faladoiro de intelectuais.



Jacopo d'Antonio Negretti Palma *il Vecchio*, *Sagrada conversación*, 1525 (Galerie dell' Accademia, Venecia)



José Solana, *O faladoiro do café Pombo*, 1920 (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Madrid)

▶ **Quentador de cama**, século XIX.

É un pequeno braseiro que se enchía de brasas e pasábase entre as sabas para quentar a cama.
Museo Massó.





COSTUREIRA

Chelo Graña Moldes

Traballa como costureira e é da parroquia de Cela.

A fotografía tomouse nun camiño do Viso, próximo ao seu taller de costura e domicilio. Ela foi quen elixiu o lugar pola súa semellanza con aqueles camiños que percorría coa máquina de coser sobre a cabeza, cando o traballo de costureira era ambulante.

Para a composición desta imaxe baseámonos na pintura *Muller con parasol*, onde Claude Monet pinta unha escena de paseo campestre.



Caude Monet, *Muller con parasol*, 1875
(National Galery of Art, Washington)



- ▶ **Máquina de coser portátil**, cara a 1960.
Este tipo de máquina popularizase na década de 1960 e era empregada sobre todo polas costureiras ambulantes, que cosían a domicilio.
Mercedes Montejano Gestido



PROFESORAS

CEIP Montemogos, IES Johan Carballeira, CEIP A Pedra e Colexio Virxe Milagrosa

Nesta fotografía participaron profesoras de diferentes ciclos educativos: educación infantil, primaria, ESO e bacharelato do CEIP Montemogos de Beluso, IES Johan Carballeira, CEIP A Pedra e do colexio Virxe Milagrosa.

A fotografía realizouse no auditorio ao aire libre do parque Xosé Novas en Beluso. Recreouse a pintura ao fresco da *Escola de Atenas* de Rafael na que se representan personaxes destacados dos distintos ámbitos do coñecemento da Antigüidade Clásica. Os dous grandes filósofos, Platón e Aristóteles, están no centro. Ao redor deles, matemáticos, astrónomos ou químicos distribúense formando grupos de discusión. Agás Hipatia de Alexandría, todos son homes, xa que ás mulleres non se lles permitía acceder ao coñecemento.



Rafael Sanzio, *A escola de Atenas*, 1510-11 (Musei Vaticani, Roma)



- ▶ Conferencia pronunciada por María Barbeito Cerviño *La Mujer, antes, ahora y después*, 1934. Agrupación Republicana Femenina de La Coruña, Colección particular.



- ▶ *Primer Atlas Geográfico para los niños*. Madrid, Editorial S. Pelardo y Melero. Colección particular
- ▶ *Catón Metódico*. Madrid, Editorial Saturnino Calleja. Colección particular



- ▶ **Pluma**, cara a 1920. Composta por un plumín, que imitaba a forma da punta das antigas plumas de ave, e un portaplumas. O plumín mollábase nun tinteiro para escribir sobre papel, ata que se inventou a pluma estilográfica, que xa tiña incorporada a tinta. Museo Massó.

MAR CALDAS

Mar Caldas (Vigo, 1964) é unha artista interdisciplinar que vén traballando principalmente con imaxe fotográfica, texto e vídeo.

No seu enfoque artístico predominan as perspectivas feministas e políticas de visibilidade.

As súas investigacións centráronse na presentación da diferenza e na micro-historia, nas desigualdades entre os xéneros e entre as culturas, así como na análise das políticas culturais e o funcionamento da estrutura artística desde unha perspectiva sociolóxica.

REPORTAXE FOTOGRAFICA DA EXPOSICIÓN



